



camiño
escena
norte

camír
escena
norte

camino
escena
norte

ipar
eszena
bidea

Camiño Escena Norte inunda o Gustavo Freire co espectáculo 'El nadador de aguas abiertas'

CEN desembarca este xoves 17 na capital luguesa cunha obra de teatro sobre a amizade, a zona de confort e a superación protagonizada por Markos Marín e o televisivo Adolfo Fernández

As entradas para asistir á función, con música de Fernando Velázquez -autor das BSO de *Lo imposible* ou *El orfanato*- están á venda a través da páxina web www.entradaslugo.es

Lugo, 14 de outubro de 2024- A cuarta edición de Camiño Escena Norte, o programa de intercambio cultural a través das artes escénicas entre Galicia, Asturias, Cantabria, Euskadi e Navarra, chega esta semana a Lugo. O xoves 17, a partir das 20.30 horas, o auditorio municipal Gustavo Freire acollerá unha función de ***El nadador de aguas abiertas***, das compañías vascas **K. Producciones e Tanttaka Teatroa**. As entradas para a cita están á venda a través da páxina web www.entradaslugo.es.

El nadador de aguas abiertas é unha obra escrita polo xornalista catalán Adam Martin Skilton e adaptada por María Goiricelaya na que se aborda a amizade e a superación a través da relación que establecen as dúas personaxes protagonistas: Walrus (que leva á escena o televisivo **Adolfo Fernández**), un experto nadador que agocha un trauma familiar, e Nilo (interpretado por **Markos Marín**), un home que aprenderá a nadar aos 48 anos da man do primeiro.

Unha impresionante escenografía con cubos de auga e area, cun convertido nun océano, será o espazo no que se presente este espectáculo, dirixido por Fernando Bernués, e cuxa banda sonora orixinal é obra do compositor asturiano **Fernando Velázquez**, autor da músicas das películas *Lo imposible* e *El orfanato*, ou de series como *Patria* e *Apaches*.

O programa de intercambio regresará o xoves 24 á provincia lucense para pechar a súa cuarta edición en Viveiro, no Pastor Díaz, coa representación de *Ada Byron: la tejedora de números*; unha peza gañadora do Premio Jovellanos á Producción Escénica 2023 e que tamén acadou seis galardóns nos Premios OH! das Artes Escénicas de Asturias 2024, entre eles, o de Mellor Espectáculo.

Para máis información:

Consulta o **Kit de prensa** de Camiño Escena Norte 2024
Fotos e vídeos de *El nadador de aguas abiertas*, **dispoñibles aquí**.

Contacto de prensa: Lucía Pita | 675 404 321 lucia.pita@theofficeco.es

PROMOVE / PROMUEVE / SUSTATZAILENK:



www.escenanorte.com

